




*Premio Nacional  
María Moliner*

A photograph of a pregnant woman with light brown hair, wearing a white tank top, sitting on a bed with white linens. She is smiling and looking down at an open book she is holding in her hands. Her left hand rests on her belly.

# *Axóuxeres, bicos, ... e noites sen durmir*

Guía de lectura sobre concepción, embarazo, parto, crianza  
e educación nas primeiras idades dos nenos e das nenas



A pregnant woman with blonde hair, wearing a white tank top, is shown from the chest down to the waist. She is holding an open book with both hands and looking down at it. The background is a soft, out-of-focus white. The text is overlaid on the right side of the image.

«O meu neno canta e canta  
e non deixa de cantar...»  
Antonio García Teijeiro

\* Desexamos expresar o noso agradecemento á comadroa *Paula Sánchez Flórez* pola axuda e colaboración prestada coa Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz.



Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

- \* **Biblioteca Central Rialeda. Perillo**
- \* **Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz**
- \* **Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros**
- \* **Biblioteca Pública Municipal M<sup>a</sup> José Trincado. Mera**
- \* **Biblioteca Pública Municipal M<sup>a</sup> José Ruso. Dorneda**
- \* **Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós**
- \* **Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé**
- \* **Biblioteca Pública Municipal Federico García Lorca. Montrove**

Catálogo do fondo bibliográfico:  
<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog:  
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Páxina web municipal:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

**Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro**

Centro Cultural As Torres  
Avda. Emilia Pardo Bazán, 17  
Santa Cruz 15179 Liáns  
Tel.: 981 626 338  
[biblioteca.santacruz@oleiros.org](mailto:biblioteca.santacruz@oleiros.org)

**Biblioteca Central Rialeda**

Avda. Rosalía de Castro, 227A  
15172 Perillo - Oleiros  
Tel.: 981 639 511  
Fax: 981 639 996  
[biblioteca.rialeda@oleiros.org](mailto:biblioteca.rialeda@oleiros.org)

**Depósito Legal: C 567-2012**



## INTRODUCCIÓN

Traer unha filla ou un fillo ao mundo debe poder vivirse dunha maneira gratificante, con tranquilidade, saúde e ilusión, por este motivo desde o Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros resulta grato ofrecer esta guía con recomendacións de fondos bibliográficos e enderezos de páxinas web sobre o embarazo, o parto, a crianza e a educación nas primeiras idades das nenas e dos nenos, co obxectivo de que toda a poboación que o desexe, pero principalmente as nais e os pais, poidan acceder mellor á información de como enfrontarse a unha experiencia única e extraordinaria como é o nacemento dunha filla ou dun fillo, os seus primeiros coidados, atencións, etc.

Sen dúbida, o coñecemento é unha das claves fundamentais para a participación e a toma de decisións en momentos tan cruciais da vida como é o da concepción, o do parto, o da crianza, etc., neste sentido esta guía pretende ser unha ferramenta útil para que as futuras nais e pais, poidan consultar unha selección de obras tanto de contidos como de ficción, que lles axuden a vivir esta etapa, asumindo unha maior capacidade de decisión, xunto aos profesionais sanitarios.

Non se pretendeu que tivese un carácter exhaustivo, senón que se realizou unha selección de diferentes fondos existentes nas bibliotecas públicas municipais de Oleiros. Moitos deles poderán atopalos na *Biblioteca Pública Municipal Rosalía de Castro de Santa Cruz* porque posúe un *Centro de Documentación da Muller* e está máis especializada nesta temática. Tamén na *Biblioteca Central Rialda* que (ademais de todas as obras sobre estas materias que están situadas na sección de préstamo de adultos/as) creou un centro de interese

denominado «Espazo familia» localizado na sala infantil e xuvenil para achegalas máis facilmente ás nais e aos pais que acompañan aos nenos e ás nenas e no que se van variando temporalmente os materiais ofrecidos para presentar sempre as máis recentes. Pero en todas as bibliotecas municipais de Oleiros poderán atopar algún libro, DVD ou CD sobre estes temas.

Sería moi gratificante para nós que esta guía se convertese nun valioso apoio para gozar máis e mellor desta vivencia.

### **Ofrecemos:**

- **Obras de divulgación científica, ensaios e manuais sobre:**
  - ❖ Embarazo
  - ❖ Parto
  - ❖ Lactación
  - ❖ Sono
  - ❖ Arrolos
  - ❖ Alimentación
  - ❖ Crianza
- **Obras de divulgación infantil e xuvenil**
- **Narrativa Infantil e xuvenil**
  - ❖ Para menores de 6 anos
  - ❖ Para nenas e nenos de 6 a 8 anos
  - ❖ Para nenas e nenos maiores de 8 anos
  - ❖ Para maiores de 12 anos
- **Ficción e novela gráfica para mozas/os e adultas/os**
- **Materiais audiovisuais**
  - ❖ DVD
  - ❖ CD
- **Ligazóns de interese**



Obras de divulgación  
científica, ensaios e manuais

## EMBARAZO



### **Agenda del embarazo: un libro de compañía para futuras madres**

Birgitt von Maltzahn. Alianza editorial


Esta axenda quere servir aos futuros pais e nais como guía en todas as cuestións que afectan ao embarazo, desde o desenvolvemento do/ a neno/a, as molestias da nai, pasando por certos asuntos legais como as axudas á protección maternal e á educación.

### **La biblia del embarazo**

Anne Deans (dir.). Grijalbo

Varios expertos escriben sobre a etapa do embarazo, parto, postparto e primeiros coidados do bebé.





## **Embarazo seguro: la guía más completa y actual**

Beatrijs Smulders, Mariël Croon.  
Medici

As autoras, comadras experimentadas ilustran o libro con experiencias acumuladas durante anos con numerosas testemuñas de mulleres embarazadas.



## **Embarazo y nacimiento**

Sheila Kitzinger. Emalsa, Interamericana

Cada vez son máis as mulleres que deciden adoptar unha actitude activa no parto, para conseguilo é necesario comezar a prepararte moito antes, este libro contén ensinanzas prácticas sobre o tema.

## **Embarazo y parto**

Charles B. Clayman. Everest

Explica con claridade a planificación do embarazo, os trastornos pasaxeiros, o parto, o postparto, a lactación, os embarazos de alto risco, a infertilidade e outros moitos temas, tratados con gran sinxeleza e claridade.

## **Estoy embarazado: el hombre y el embarazo, cómo participar activamente**

Jerrold Lee Shapiro. Ediciones B  
A participación activa en todo canto rodea a eses nove meses irrepetíbeis, levan á parella a involucrarse no proceso, converténdose nun apoio físico e psicolóxico.


## **Guía práctica del embarazo: semana a semana**

Montserrat Robles. Planeta  
Durante 40 semanas o teu corpo transfórmase para acoller ao teu fillo ou filla. Para coñecer o que acontece, solucionar as túas dúbidas e achegarche bos consellos podes utilizar este libro.



## **El libro del embarazo y nacimiento**

M. D. Miriam Stoppard. Debate  
Unha guía completa para futuros pais e nais, onde atopar información sobre todos os aspectos do embarazo e nacemento sobre os que se pode decidir.



## **La madre y el niño: una guía ilustrada del embarazo, el parto y los cuidados maternos**

Brant, Margaret... [et al.]. Planeta  
Un embarazo e un parto feliz son os principios esenciais para un bo desenvolvemento posterior do/a neno/a.


## **Maternidad/Paternidad. El embarazo**

Concepción Cifrián. Instituto de la mujer.

Da concepción ao parto explicado dun xeito claro e resumido.

## **Nueve meses de espera**

Josefina Ruiz Vega. Temas de Hoy  
Nova edición da guía máis completa sobre o embarazo, parto e postparto, con información actualizada e ampliada.



## **Nueve meses de espera: concepción, embarazo y parto**

Gro Nylander. Medici  
Describe paso a paso o longo proceso que vai desde a preparación para un bo embarazo, ata a preparación para o derradeiro obxectivo que é o parto.

## **El nuevo gran libro del embarazo y del parto: alternativas y retos**

Sheila Kitzinger. Medici

Unha experta guía que contén información básica sobre todos os aspectos dos nove meses, probas, nacemento activo, sexualidade antes e despois do parto.



## **Todavía puedo ser mamá: guía de la maternidad a partir de los 35 años**

Doreen Nagle. Océano

Embarazo seguro, técnicas de fertilidade, adopción. Todas as respostas para as preguntas máis frecuentes.



## PARTO



### **Adiós cigüeña: el placer de parir**

Soledad Galán. Oberon

Unha defensa do parto natural fronte ao parto medicalizado.

### **Así nace un niño**

José M<sup>a</sup> Carrera, José M<sup>a</sup> Dexeus. Salvat

Os dous autores exercen o seu labor no campo da reprodución no Instituto Dexeus de Barcelona, e poden dar unha visión máis técnica dos avances médicos nesta cuestión.



### **La maternidad y el encuentro con la propia sombra: crisis vital y revolución emocional**

Laura Gutman. Integral

Unha reflexión sobre o parto, o papel da nai e do pai, a crianza dos fillos, os vínculos...

### **Maternidad/Paternidad: el parto y el posparto**

Soledad Maruaga. Instituto de la mujer, Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad

Pequena guía editada pola administración pública con suxestións útiles para a etapa final do embarazo e os primeiros meses de crianza.

## ¿Nacer por cesárea?

Ibone Olza, Enrique Lebrero Martínez. Granica


Actualmente en moitos lugares do mundo polo menos un de cada catro bebés nace por cesárea, pero... é sempre necesaria?, é hora de recuperar ou crear unha nova cultura da maternidade.



## Nacimiento en casa

Sheila Kitzinger. Icaria

Explica diversos motivos polos que as mulleres queren parir na casa.



## Parir sin miedo: el legado de Consuelo Ruiz Vélez-Frías

Edit. Ob Stare

Consuelo Ruiz foi comadroa e defensora do parto natural, este libro no que se recolle a súa experiencia é tamén unha homenaxe ao seu labor.



## Parto seguro

Beatrijs Smulders, Mariël Croon. Medici

Unha completa guía para o momento máxico do parto.



## **La revolución del nacimiento: partos respetados, nacimientos más seguros**

Isabel Fernández del Castillo. Ver-  
ticales de bolsillo

*Todas as mulleres nacemos «equi-  
padas» coa habilidade de parir, está  
demostrado que a seguridade do  
parto normal non depende de  
tecnoloxías sofisticadas, senón do  
respecto ás condicións que o  
favorezan.*




# LACTACIÓN



## **Comer, amar, mamar: guía de crianza natural**

Carlos González Rodríguez. Temas de hoy

Obra recompilatoria (revisada e actualizada) dos seus tres libros: **Bésame mucho**, **Un regalo para toda la vida** e **Mi niño no me come**, referencias para vivir a maternidade e paternidade con paixón.



## **Cómo amamantar a tu bebé**

Sheila Kitzinger. Interamericana  
Aleitar o bebé non é soamente unha técnica, é unha expresión de amor, que debe facer que se sintan ben tanto a nai coma o/a neno/a.



## **Manual de extracción, conservación e utilización do leite materno**

Mamoa, Fedegalma. Federación Galega de Asociacións de Apoio á Lactancia Materna

Con este manual preténdese axudar a aquelas mulleres en período de lactación que teñen que incorporar-se á vida laboral e desexan seguir amamantando ao seu bebé.



## **Maternidad y lactancia: desde el nacimiento hasta los seis meses**

Gro Nylander. Granica

Un parto trae moitas preguntas aos pais e ás nais e require apoio, amor e acompañamento.

## **Un regalo para toda la vida: guía de la lactancia materna**

Carlos González Rodríguez. Temas de hoy

O pediatra Carlos González non intenta con este libro convencer as nais de que dean o peito, pero si axudar ás que desexan facelo, para que o consigan do mellor xeito posible.

# SONO



## **Durmiendo como un niño: ideas prácticas para educar el sueño de nuestros hijos**

Gonzalo Pin e Rosario Genís.  
Parenting

Medidas sinxelas para mellorar a calidade do sono dos pequenos de 0 a 3 anos.



## **Dormir sin lágrimas**

Rosa Jové. La esfera de los libros «Dejarle llorar no es la solución», é o subtítulo deste libro que pretende dar algunhas solucións aos trastornos do sono infantil.

## **Duérmete, niño**

Eduard Estivill-Sancho. Plaza&Janés Non só atopamos explicacións de como ensinar os nenos e as nenas a durmir ben desde o principio, senón que nos revelará como acabar co insomnio infantil, problema que ten consecuencias evidentes tanto nas crianzas como na familia.



## **Enseñar a dormir a los niños: para que tus hijos no te quiten el sueño**

Luis Domínguez Ortega e Elena Domínguez Sánchez. Espasa  
Ensinar bos hábitos á hora de durmir van beneficiar a toda a familia.

## **Zzzzz: mi bebé duerme bien**

Marcel Rufo. Larousse  
Guía práctica con pautas para que os pais e as nais ensinen aos seus fillos e fillas a durmir ben.



# ARROLOS



## **Aloumiños**


Antonio García Teijeiro. Ilustracións de Manuel Janeiro. Galaxia  
*Arrolos de berce para durmir os bebés.*

## **Arrolín, arrolán**

Manuel Rico Vereá. Fontel  
*Rimas e cancións para nenos e nenas, acompañadas da súa partitura musical.*

## **Arrolos e rodas**

Textos populares. Ilustrado por Noemí López. Everest  
*A tradición popular é moi rica en cancións ou arrolos de berce, neste libro temos unha pequena mostra.*



## **Cancionero infantil del papagayo: Brasil y Portugal en 30 canciones infantiles**

Recompiladas por Magdeleine Lerasle. Dirección musical de Paul Mindy e ilustracións de Aurélia Fronty. Kókinos  
*Cancións tradicionais onde se mestura a orixe europea con influencias da cultura africana e india.*



## **Cantares y decires: antología de folclore infantil**

Carlos Reviejo e Eduardo Soler. SM  
As nenas e os nenos poderán «coller o sono» co arrollo dunha nana ou consolar os choros escoitando suaves palabras, que lle murmurarás.



## **Canto y cuento. Antología poética para niños**

Carlos Reviejo y Eduardo Soler. SM  
É unha obra moi completa con poemas e outros textos de poetas españois e hispanoamericanos/as, pero cunha parte dedicada ás nanas.



## **Unha chea de aloumiños**

Antonio García Teijeiro.  
Ilustracións de Enjamio. Galaxia  
Versos para estimular o amor polas palabras e a súa musicalidade:  
«O meu neno canta e canta e non deixa de cantar...»

## **El gran libro de las nanas**

Edición e prólogo de Carmen Riera. Compilación de Araceli León. El Aleph Editores  
Antoloxía de cancións de berce, desde as populares a outras de diferentes autoras/es.

### **Imos cantar xuntos**

María Manuela e Miguel Varela.  
Xerais

*Música tradicional galega para cantarlle a túa filla ou fillo desde idades temperás.*

### **Libro de nanas**

Selección de Herrín Hidalgo.  
Ilustracións de Noemí Villamuza.  
Media Vaca

*Nanas escritas por autoras e autores tan famosos como: Miguel Hernández, José Agustín Goytisolo, Gloria Fuertes, Nicolás Guillén, Gabriela Mistral, etc.*

### **Poemas con piruleta**


Carlos Fontes. Ilustracións Leandro Lamas. Galaxia

*Poemas doces e suaves como as piruletas.*

### **Cando o rei por aquí pasou: libro do folclore infantil galego**

Palmira G. Boullosa. Xerais

*Pódense atopar cancións tradicionais galegas transmitidas de nais e pais a fillas e fillos...*



# ALIMENTACIÓN



## **La alimentación de tu hijo**

Patricia Castillo. Planeta

Guía de nutrición infantil para niños/as de 1 a 10 años.

## **Gordito no significa saludable**

Claudia González e Lourdes Alcañiz. Debolsillo


Como prevenir e controlar a obesidade infantil.



## **Niños en forma**

Mary L. Gavin. Pearson.

Guía para aprender a proporcionar a nutrición axeitada e a actividade correcta ás crianzas desde o seu nacemento.



## **Ñam-ñam: mi bebé come bien**

Philippe Grandsenne. Larousse

A alimentación do/a neno/a de 0 a 3 anos.





## **La revolución de las madres: el desafío de nutrir a nuestros hijos**

Laura Gutman. Integral  
Reflexión sobre a lactación e a alimentación dos fillos en xeral.

## **Sobrepeso y obesidad infantil: dietética y recetas sanas, deliciosas y fáciles de preparar**

Jordina Casademunt. Océano  
Casademunt é nutricionista e analiza neste libro as causas da obesidade infantil e as posibles solucións.



## **Los 1000 primeros días de tu bebé**

Italo Farnetani. Everest

Mil días e mil noites cun pediatra ao teu lado que che vai explicando os progresos do teu fillo ou filla, infórmate sobre o que debes saber en cada unha das etapas e ofréceche una reposta clara e tranquilizadora para todas as túas preguntas.



## **Adiós a los pañales: una guía práctica para un hecho cotidiano**

Alison Mackonochie. Oniro

O control de esfínteres é un proceso que hai que iniciar no momento adecuado e coa estratexia máis axeitada.



## **El bebé: instrucciones de uso**

Jordi Induráin Pons, dir. Larousse

Para solucionar as dúbidas que xorden en torno á crianza dun bebé.

## **Bebé y niño: la guía esencial para los padres**

Penélope Leach. Grijalbo

Guía sobre o desenvolvemento e o coidado do/a neno/a nos seus primeiros anos de vida.

## **Los bebés en el agua: unha experiencia fascinante**

Gemma Barbany Grau. Paidotribo  
A auga ofrece un montón de posibilidades para o xogo pero tamén para o desenvolvemento global do/a neno/a e este libro achéganos a esta experiencia.



## **Enséñale a aprender: un método práctico para desarrollar la inteligencia de tus hijos jugando**

M<sup>a</sup> Luisa Ferrerós. Planeta  
Os nenos e nenas teñen un gran potencial no seu cerebro, estimulalo a través do xogo fará que desenvolvan a súa capacidade intelectual.

## **El filósofo entre pañales: revelaciones sorprendentes sobre la mente de los niños y cómo se enfrentan a la vida.**

Alison Gopnik. Temas de hoy  
A mente dos máis pequenos vista coa luz dos últimos avances en psicoloxía e neurociencia.





### **Gimnasia divertida para niños: estimula a tu hijo mediante ejercicios y juegos con movimiento**

Peter Walker. Oniro

Destaca os beneficios físicos e emocionais de cada exercicio e contén abundantes ilustracións para ensinar como se levan a cabo.



### **Gugu-tata: mi bebé ya habla**

Marcel Rufo e Christine Schilte. Larousse

Trata en 50 preguntas as claves para axudar aos pais e nais a favorecer o desenvolvemento da linguaxe en nenos e nenas de 0 a 6 anos.

### **Guía práctica de la salud y psicología del niño**

Dr. Paulino Castells Cuixart. Planeta. Malformacións, partos prematuros, relacións familiares e sociais, alimentación, enfermidades físicas e psíquicas, trastornos de conduta etc., todo ten explicación neste libro.

## Guía práctica para los padres de hoy: el niño de 0 a 6 años

Manuel Penella. Espasa Calpe  
Os primeiros cinco anos da vida son fundamentais para o desenvolvemento do ser humano, o/a neno/a necesita, a cada paso, novos estímulos sensoriais, emocionais e intelectuais para activar as súas posibilidades, ese é o propósito desta guía.

### El llanto

Michelle Kennedy. Océano Ámbar  
99 consellos para entender por que chora o teu bebé. Etapa 0 a 4 anos.


### El NO también ayuda a crecer


M<sup>a</sup> Jesús Álava Reyes. La Esfera de los libros

Como superar momentos difíciles dos/as fillos/as e favorecer a súa educación e o seu desenvolvemento.

### Nueva guía del embarazo y cuidado del bebé

Penny Stanway. Planeta  
Aínda que tratando o tema do embarazo, este libro céntrase máis no bebé desde o nacemento ata os cinco anos.





## **Poner límites: cómo educar a niños responsables e independientes con límites claros**

Robert J. MacKenzie. Medici  
Os nenos e nenas necesitan límites para poder sentirse seguros, para desenvolverse mellor, pero non é doado acatar as normas. Sobre como establecer as normas necesarias con éxito.

## **Pórtate bien: el método a medida para entender y educar a tus hijos**

M<sup>a</sup> Luisa Ferrerós. Prólogo do Dr. Eduard Estivill. Planeta  
Un método para aprender a educar con normas, a comportarse dentro e fóra da casa, a solucionar os problemas cotiás.

## **Preguntas al psicólogo: especial pequeños**

Anne Bacus. Salvat  
Rabechas, xoguetes, medos, aseo, caprichos... Todo o que se che ocorra sobre o teu pequeno atopará resposta neste libro.

## **El primer año de nuestro hijo**

Silver Kempe. Everest

Moitas das dúbidas que teñen os pais e nais sobre os cuidados do bebé están en relación cos cambios do medio ambiente, coa estruturación da sociedade e a familia, e as variacións no traballo e na forma de vida, este libro pretende ser unha axuda para pais e nais máis novos.

## **Qué dicen los bebés antes de empezar a hablar: cómo expresan los niños sus primeros sentimientos**

Paul C. Holinger. Oniro

Para coñecer mellor como se comunican os bebés cos adultos.



## **¿Qué le pasa a este niño?: una guía para conocer a los niños con discapacidad**

Angels Ponce. Ilustraciones de Miguel Gallardo. Serres

Hai moitos tipos de discapacidade, pero moi pouca información que é moi necesaria para integrar, entender e axudar. Un libro sinxelo, ameno e sobre todo útil.





## **¡Son dos!: guía práctica de gemelos. Los primeros dos años.**

Laura Klamburg. Molino  
Experiencias, consellos e suxestións para a crianza de xemelgos.

## **Tu primer hijo: tantas cosas que quieres saber y no te atreves a preguntar**

Ernesto Sáez Pérez. Espasa.  
Todas as dúbidas que teñen as nais e os pais principiantes, e os que non o son, atopan resposta neste libro dun xeito claro e sinxelo.

## **Todo un mundo de sensaciones**

Elizabeth Fodor, M<sup>a</sup> Carmen García-Castellón, Monserrat Morán. Pirámide

Dedicado a todos os pais e as nais, así como a profesionais. Presenta un completo programa que ten como obxectivo, mediante o xogo, axudar o bebé a alcanzar o máximo rendemento das súas capacidades intelectuais e polo tanto a ser máis feliz.



**Todo un mundo por descubrir:  
método de autoayuda para pa-  
dres y profesionales: el desarro-  
llo del niño de 6 a 24 meses**

Elizabeth Fodor e Montserrat Morán. Pirámide

O obxectivo deste libro é que as ne-  
nas e os nenos, xunto coa súa fami-  
lia, gocen ludicamente na adquisi-  
ción da autoestima e da capacidade  
de concentración, que descubran o  
máxico mundo da arte e da música  
e desenvolvan o gusto por apren-  
der e a tolerancia cara aos demais  
para previr o fracaso escolar e a vio-  
lencia infantil.




# Obras de divulgación infantil e xuvenil



## **El bebé**

Gallimard Jeunesse. Ilustracións de Danièle Bour. SM.

Para que os máis pequenos e pequenas aprendan como é a vida dun bebé e como nacen e se crían outras especies animais.



## **Cómo descubrió el hombre de dónde vienen los bebés**

Juliette Nouel-Rénier. Ilustracións de Anne Simon. Océano  
Interesante percorrido pola «historia da fecundación».

## **¿De dónde venimos?: los hechos de la vida sin disparates y con ilustraciones**

Peter Mayle. Ilustracións de Arthur Robins e Paul Walter. Beascoa

Libro dirixido sobre todo a pais, a nais e a persoal educador que trata con delicadeza un tema que forma parte importante de toda a educación.

## **¡Es alucinante!**

Robie H. Harris. Ilustracións de Michael Emberley. Serres  
Responde con delicadeza e espírito positivo a todos eses interrogantes que os nenos e nenas se fan sempre sobre a natalidade, o amor, o sexo, a reprodución ou a familia. Adaptado á linguaxe infantil de hoxe en día.

## **Esta es nuestra historia: el libro de tu adopción**

Ana Berástegui e Blanca Gómez Bengoechea. Ilustracións de Xavier Salomó. SM

Libro para anotar detalles do proceso de adopción e do primeiro ano en familia para que o neno ou nena poida coñecer as orixes da familia creada con el.



## **Historia del embarazo**

Abby Cocovini. SM

Explica o que ocorre durante o embarazo mes a mes. O seu formato reproduce a tamaño real, como se vai desenvolvendo o feto dentro do ventre da nai.





## **El libro del papá, la mamá y el bebé**

Angela Reinders. Ilustracións de Antonia Nork. Brosquil

A chegada dun novo neno ou nena á casa suscita moitas preguntas que este libro pode axudar a contestar.

## **¡Mamá puso un huevo! o cómo se hacen los niños**

Babette Cole. Destino

Uns pais tratan de explicar con formas orixinais e creativas ideas de como «se fan os nenos».

## **Me pregunto por qué me ruge la tripa y otras preguntas sobre mi cuerpo**

Brigid Avison. Ilustracións de Ruby Green. Everest

Entre outras cuestións resolve de maneira sinxela preguntas como de onde vimos ou que é o embigo.



## **Mi primera biblioteca Teo: ¿De dónde vienen los niños?**

Violeta Denou. Timun Mas

O embarazo da mestra de Teo orixina unha grande curiosidade entre os nenos e as nenas sobre todo o relacionado co nacemento.

## **El nacimiento de un niño**

Viviane Abel Prot. Ilustracións de Rozier Gaudriault. Altea

Dun xeito moi sinxelo explícanos desde a concepción ata o nacemento as distintas fases do embarazo da muller. Tamén as distintas maneiras de transportar os bebés segundo as culturas nas que nacen, etc.

## **¡No es la cigüeña!: un libro que habla sobre niñas, niños, bebés, cuerpos, familias y amigos**

Robie H. Harris. Ilustracións de Michael Emberley. RBA, Serres  
Responde de xeito claro a moitos interrogantes e dá claves para explicar dúbidas sobre sexualidade, concepción, embarazo, etc.



## **La odisea de la vida contada para niños**


Denis Boulard. Ilustracións de Mac Guff Ligne. Salvat

A emocionante e alucinante historia de como cada un dos 400.000 bebés que nacen cada día é único e non hai outro igual. Con fotografías segundo a película de Nils Tavernier do mesmo título, (hai un exemplar para menores de 8 anos e outro para maiores de 8).





## Para menores de 6 anos



### **10 en la cama**

Anne Geddes. Ediciones B

Dez preciosos bebés protagonizan este libro ilustrado con fotografías, que se pode ler do dereito e do revés.



### **Adiós, cacas, adiós**

Sergi Càmara. Parenting

Axuda a crear hábitos saudables, despois de abandonar os cueiros, que eviten o estrinximento, dun xeito claro e moi divertido. Contén unha guía para pais e nais.

### **¡Adiós, querido chupete!**

Paule Alen. Ilustracións de Myriam Deru. Everest

Un conto para aprender a deixar o chupete.

## **¡A dormir!**

Joan de Deu Prats. Ilustracións de Gloria García Álvarez. *Parenting Para moitos nenos e nenas o momento de irse á cama pode ser un verdadeiro trauma, este conto pretende convertelo nunha situación agradable para a familia.*

## **Bebé Koala: el baño**

Nadia Berkane. Ilustracións de Alexis Nesme. Bruño  
*Toca bañarse, e Bebé Koala quere compartir esa estupenda experiencia coa súa mascota Chimo. A colección Bebé Koala complétase con «La comida», «El cumpleaños» e «El jardín».*



## **Os Bolechas queren saber... como nacemos**

Pepe Carrerio. A Nosa Terra  
*A familia dos Bolechas vai aumentar cun novo membro, así que os seus pais explícanlles todo o proceso do embarazo e do parto.*

## **El cochecito**

Michel Gay. Corimbo  
*Un bebé faise amigo dunha bolboreta, dunha ra, dun parrulo, dun gato, dun raposo... e lévaos de paseo no seu cocheciño.*



## **Cuéntame otra vez la noche que nací**

Jamie Lee Curtis. Ilustracións de Laura Cornell. Serres

O nacemento dunha nena de pais biolóxicos distintos aos adoptivos preséntase desde o punto de vista da protagonista.



## **El día que naciste**

Robie H. Harris. Ilustracións de Michael Emberley. Serres

Entrañable narración sobre o nacemento e o primeiro día de vida dunha nena a través dos ollos da súa nai.

## **¿Dónde está Tedy?**

Jeanne Ashbé. Corimbo

Libro con páxinas de resistente cartón e cantos redondeados no que Edi busca o seu boneco preferido: o osiño Tedy.

## **¡Es hora de recoger!**

Jeanne Ashbé. Corimbo

Os nenos e nenas deben aprender a deixar os seus xoguetes recollidos.



## **¡Eso no se hace!**

Jeanne Ashbé. Corimbo

O non tamén educa. Este conto fala dalgunhas cousas que aos máis pequenos e pequenas lles encanta facer pero que non deben.



## **Espero un hermanito**

Marianne Vilcoq. Corimbo

Non sempre a chegada dun irmán é ben recibida polos nenos e nenas, este conto narra como se senten os máis pequenos ante os celos e as dúbidas que se lles presentan ante o acontecemento.



## **¡Fuera pañales!**

Moira Butterfield. Ilustracións de Peter Utton. SM

Samuel xa medrou. Ten que deixar de usar os cueiros polo que o agasallan cun ouriñal e terá que aprender a usalo.

## **¡Hola hermanito!**

Robie. H. Harris. Ilustracións de Michael Emberley. Serres

Excitación, decepción, curiosidade, desgusto..., un novo irmán pode facer sentir todo iso e máis.



## **Igualito que...**

Lynda Waterhouse. Ilustracións de Arthur Robins. Lumen

O parecido dun neno coa súa familia é motivo, nesta historia, do seu enfado no seu aniversario.



### **Mamá, ti si que me entendes!**


Teresa Moure. Ilustracións de Leandro Lamas. Galaxia

*Fermoso álbum ilustrado que fala sobre os lazos de unión, o amor e a complicidade nas relacións entre unha nai e o seu fillo.*

### **Maxia**

Charo Pita. Ilustracións de Madalena Matoso. Oqo editora

*De súpeto, o bebé botouse a chorar e Óscar busca con que alimentos pode saciar a súa fame.*



### **Miamor**

Babette Cole. Destino

*A través dun can e os seus amos, explica aos máis pequenos e pequenas o que é o amor e que este non desaparece cando chega un novo bebé á familia.*

### **Mi hermanita es súper**

Kes Gray, Sarah Nayler. Serres

*Como converterse na mellor amiga da túa irmá que acaba de nacer.*

### **Mimi e a xirafa azul**


Cécile de Visscher. Ilustracións de María Ella Carrera. Baía

*O nacemento dun irmán ten que ser un acontecemento feliz, pero cando ten algún tipo de discapacidade a situación pode complicarse. Un maravilloso conto para explicar a discapacidade e aceptala.*

## **Un montón de bebés**

Rose Impey. Ilustracións de Shoo Rayner. Fondo de Cultura Económica

A señora e o señor Sincola son una parella de tenreos, uns animalíños parecidos a musarañas, que teñen nada menos que trinta e un bebés. Durante un día intercambiarán os seus traballos e comprobarán cal dos dous é máis pesado.



## **Nace un meniño**

Paco Capdevila. Everest Galicia  
Chega un novo membro á familia e todos se van ter que adaptar á nova situación.

## **Onde van os bebés?**

Elzbieta. Kalandraka  
Dous osiños, Berto e Poti, preguntanse a onde van os bebés ao medraren, aqueles bebés que algún día foran inseparables dos seus bonecos.



## **Pero, ¿de dónde vengo?**

Sergi Cámara. Ilustracións de Teresa Herrero. Parramón  
A curiosidade dos rapaces e das rapazas é enorme e un día preguntaranse de onde veñen. Este conto pode axudar a satisfacer esas ganas de saber a orixe da vida.



## ¿Qué hace el bebé?

Klaas Verplancke. Combel  
Conto para os máis pequenos e pequenas con textos sinxelos, ilustracións moi expresivas e de cores atractivas que descobre como é o bebé.

## ¡Que suerte tener un hermanito!

Sergi Cámara. Ilustracións de Valentín Gubianas. Prenting  
Os celos son unha resposta normal ao feito de ter que compartir o agarimo e os coidados do pai e nai cunha terceira persoa.



## Quiero mi chupete

Antonia Rodenas. Ilustracións de Carme Solé i Vendrell. Anaya  
Mario chora e berra cando a súa nai decide quitarlle o chupete.



## Uxía e a barriguña de mamá

Liesbet Slegers. Tambre  
A mamá de Uxía vai ter un bebé, así que ela cóntanos como se vai desenvolvendo o embarazo, o parto e por fin a visita ao hospital.


## Para nenas e nenos de 6 a 8 anos



### **¡Alerta! ¡Bebé ataca!**

Fanny Joly, Roser Capdevila. La Galera

*A chegada dun irmán vai lle causar a Cecilia algún que outro «desgusto» e a perda de protagonismo que tiña ata ese momento.*



### **Bebé Bigotes**

Patacrúa. Ilustracións de Alessandra Cimatoribus. OQO

*Hai unha idade para cada cousa: un vello e unha vella queren ter un bebé, e claro, resulta bastante complicado.*

### **El bebé más dulce del mundo**

Montse Giner. Ilustracións de Montse Gisbert. Tàndem

*O bebé máis doce do mundo é Zzum, un bebé abella que nos ensinará como funciona un panal e como se fabrica o mel.*

### **El bebé más grande del mundo**

Carmela Mayor. Tàndem

*Neste caso é un bebé balea o que acaba de nacer: cóntanos como son os seus primeiros días no ancho dos océanos.*





### **¿Un bebé? ¡Qué mala idea!**

Fanny Joly, Roser Capdevila. La Galera

*A Cecilia non lle parece boa idea que a súa nai teña un bebé: unha vez na casa vai cambiar de idea e vai querer moito o seu irmán.*

### **Un conto de cegoñas**

Antonio Ventura. Ilustracións de Leticia Ruifernández. Galaxia

*As pequenas cegoñas están a punto para emprender o seu gran voo ata París e chégalles a hora de que o seu pai e a súa nai lles descubran a verdade sobre esta viaxe.*



### **Eu tamén son fonte**

Teresa Fonte. Ilustracións de Leandro Lamas. Galaxia

*Texto poético para unha historia fermosa sobre o amor, a vida, e a intimidade gozosa entre as nais e os seus fillos e fillas.*

### **A familia sabores**

Teresa Durán. Ilustracións de Irene Bordoy. Sotelo Blanco

*Historia dun pai e unha nai que tiveron fillos de cada tipo: Doce, Salgada, Amarga e Picante, cada un coas súas maneiras de comportarse, «como en todas as familias».*

## **Luna quiere un bebé**

Thierry Lenain. Ilustracións de Delphine Durand. Edelvives.

Luna xoga co seu amigo Sami ás mamás e aos papás, pero Luna debe explicarlle a Sami todo o que se necesita facer para ter un bebé.

## **Mira como he crecido**

Alejandra Vallejo-Nágera. Ilustracións de Andrés Guerrero. Alfaguara

Lola repasa coa súa nai un álbum de fotos onde ve as distintas etapas da súa corta vida.

## **Princesa Ana**

Marc Cantin. Ilustracións de Martin Jarrie. Fondo de Cultura Económica

A princesa Ana está embarazada e todo o seu reino está expectante.



## **You ter unha irmanciña**


J. M. Olaizola «Txiliku». Ilustracións de Jokin Mitxelena. Galaxia  
Cando ter unha irmá é unha gran aventura que desexas contarlle ao teu mellor amigo, pero este só sabe contarche cousas raras.





## Para nenas e nenos maiores de 8 anos

---



### **Joaquín tiene problemas**

Goscinny. Ilustracións de Sempé.  
Alfaguara

*Non é agradable compartir os dereitos cun irmán acabado de nacer, pero todo cambia cando Clotario se ri do irmán de Joaquín.*



## Para maiores de 12 anos

---



### **Rosa, miña irmá Rosa**

Alice Vieira. Ilustracións de Javier Vázquez Martínez de Pinillos. SM  
*Os costumes da casa van cambiar radicalmente cando chega Rosa, a irmá de Mariana.*



# Ficción e novela gráfica para mozas/os e adultas/os



## Diario dun pai acabado de nacer

Henrique Alvarelos. Xerais

O autor comezou este diario íntimo no mesmo momento de saber que ía ser pai. Viu medrar o seu fillo e gozou con el, que pasou de bebé a neno. E nestes anos foi tamén o tempo en que, inesperadamente, o autor perdeu a seu pai.



## Días de hijo

Philip Waechter. Lóguez

Preséntanos un pai «novato», que se emociona ante cousas como cambiar os primeiros cueiros. O formato é de álbum ilustrado para adultos e caracterízase por que empatiza totalmente cos sentimentos do home contemporáneo e sintetízalos en clave de humor.



## ¡Hola aquí estoy!: nueve meses de aventura fascinante hasta mi nacimiento

Willy Breinholst. Elfos

Nárrase en clave de humor as reaccións e actitudes dun bebé en período de xestación ante os seus pais e o mundo que o rodea.

## Madres

Claire Bretécher. Beta.

Breves tiras cómicas nas que se reflicten algunhas situacións ás que as mulleres deben facer fronte cando deciden asumir esa complexa chamada biolóxica que é a maternidade.



## María y yo

Miguel Gallardo. Astiberri

María ten un trastorno de espectro autista, é cariñosa, alegre... e tan especial e singular coma calquera ser humano.

## Un milagro en equilibrio

Lucía Etxebarría. Planeta

Unha novela que narra a historia dunha familia cos seus segredos, herdanzas e vivencias que nos achegan ao máis íntimo da infancia.



## Una posibilidad entre mil

Cristina Durán e Miguel Giner. Sinsentido.

Os autores son a nai e o pai dunha nena con problemas neurolóxicos e relatan os obstáculos que tivo que superar a súa filla desde que naceu.

## DVD



### **Aprende a ir al baño**

El oso de la casa Azul. Disney  
Xa chegou o momento de dicirlle adeus aos cueiros e ir ao baño en solitario, con este DVD, os máis pequenos entenderán a importancia do feito dun xeito divertido.

### **Baby Einstein**


Walt Disney  
Colección didáctica destinada a nenos/as de 0 a 3 anos para estimular a aprendizaxe dos máis pequenos en diferentes áreas  
Títulos dispoñibles:

- Baby Mozart
- Baby da Vinci
- Baby Shakespeare
- Baby Van Gogh
- Baby Monet
- Baby Santa's
- On the go
- Baby Neptune
- World animals
- Neighborhood animals



## **Barrio Sésamo visita a los bomberos. Un nuevo hermanito en casa**

Barrio Sésamo. Planeta Junior  
Snuffi ten un novo irmán, pero non lle gusta por que soamente dá problemas. Os celos comezan a aparecer. Os famosos persoeiros axúdanos a enfrontarnos aos conflitos que poden presentarse coa chegada dun novo membro da familia.



## **Cantajuego CD+DVD**

Grupo Encanto. Diver Music  
Cantajuego é unha colección de DVDs e CDs na que se fai un percorrido polos clásicos da música infantil, pero enriquecido con coreografías, xogos e personaxes que o diferenzan doutras propostas similares e dálle un maior atractivo.



## **El cuerpo humano**

Colección El Ser Humano. Salvat  
Volume 2: **La gestación, un milagro día a día**

Volume 3: **Primeros pasos**

A aventura da concepción, da formación do embrión, o mundo do feto, o nacemento, o primeiro tempo de vida, a linguaxe, o eu e os demais, en dous interesantes filmes.

## **Didabebé: método de estimulación temprana.**

Colección Didaco

Este método busca o desenvolvemento emocional e afectivo do bebé así como estimular as súas futuras capacidades intelectuais.



## **Dormir sin lágrimas**

Rosa Jové. DVD. 50 minutos

Rosa Jové presenta neste taller como adaptarse con agarimo e comprensión a cada neno ou nena. Cada persoa é única e irrepetíbel.

## **En el vientre materno**

Toby Macdonald, dir. Track Media Documental que amosa, a partir de imaxes xeradas por ordenador, a asombrosa viaxe do ser humano desde a concepción ata o nacemento.

## **En el vientre materno: gemelos, trillizos y cuatrillizos**

National Geographic. RBA Publicaciones

Este extraordinario documental lévanos a unha serie de viaxes que nos revelarán o extraordinario mundo do desenvolvemento do feto, e en particular da interacción entre eles cando son xemelgos univitelinos ou non, trixemelgos e incluso duns cuatrixelgos.



## **Pocoyó**

Sony

Colección de DVD co personaxe de Pocoyó como protagonista que favorece a aprendizaxe dos máis pequenos.

## **Podes darlle o mellor de ti**

Xunta de Galicia, Fedegalma, Apoio á lactancia materna

Trátase dun vídeo divulgativo duns vinte minutos de duración, que pretende achegar ao público ao mundo da lactación materna a través das testemuñas, entre outros, de nais con nenos e nenas lactantes de diferentes idades.



## **Yoga durante el embarazo + yoga postparto**

S.A.V.

A práctica do ioga axuda a gozar dun embarazo tranquilo e saudable e tamén permite recuperar con rapidez a figura despois do parto.


# CD



## **Babies love Pink Floyd**

Discmedi

Colección de música para bebés con grandes éxitos do pop/rock internacional adaptados para estas idades. Tamén hai Babies Love Madonna.



## **Cantos de berce**


Coord. Manuel Rico Vereá.  
GaliNova

19 cantos de berce tradicionais do folclore de Galicia e nos que están representadas todas as zonas xeográficas do noso territorio.

## **Son de niños: Antón Pirulero**

Factoría Autor

Cantantes coñecidos polo público adulto poñen voz a clásicos da música infantil como Antón Pirulero ou El patio de mi casa.



## PARTO

---

- **El Parto es Nuestro:**

**<http://www.elpartoesnuestro.es/>:** Asociación sin ánimo de lucro, formada por persoas usuarias e profesionais, que pretende mellorar as condicións de atención a nais e fillos ou fillas durante o embarazo, parto e postparto en España. Contén abundante información relativa aos distintos tipos de parto, así como enlaces a listas de distribución (elpartoesnuestro, apo-yocesareas, foro de profesionais e foro de socios/as).

- **DONA LLUM Associació Catalana per un Part Respectat:**

**<http://www.donallum.org/>:** Web de DONA LLUM, asociación catalá por un parto respectado.

- **Que no os separen:**

**<http://www.quenooosseparen.info/>:** Web con completa información sobre a importancia do contacto inmediato e prolongado entre nai e bebé no momento do nacemento.

- **Plataforma pro Derechos del Nacimiento:**

**<http://www.pangea.org/pdn>:** Iniciativa para apoiar aos pais e nais que queren proporcionar ao seu fillo ou filla unha mellor benvida á vida.

- **Federación de Asociaciones de Matronas de España:**

**<http://www.federacion-matronas.org/>:** Web institucional da FAME, con información sobre a profesión de matrona en España.



- 
- **SEGO Sociedad Española de Ginecología y Obstetricia:**  
<http://www.sego.es/>: Web de la *Sociedad Española de Ginecología y Obstetricia*.
  - **Episiotomía. Info: Información sobre la episiotomía:**  
<http://www.episiotomia.info/>
  - **SITE:**  
<http://www.fisterra.com/salud/5enlaces/sitte.asp>  
(Servizo de atención telefónica a embarazadas para a prevención de malformacións conxénitas).
  - **Sacaleches. com:**  
[www.sacaleches.com.es/](http://www.sacaleches.com.es/): Nesta web encontrarás moita información útil sobre a lactación en xeral, pero principalmente sobre sacaleites. Axudará as futuras nais a elixir sacaleites, aprender a usalo sen que doa e a sacarlle o máximo partido.

## LACTACIÓN

---

- **Directorio de grupos de apoio:**  
**http://www.aeped.es/enlaces/grupos-apoyo-lactancia-materna:** Listaxe de asociacións e grupos de apoio á lactación materna en España, avalado pola IHAN e o *Comité de Lactancia Materna da AEPed*.
- **http://www.criando.org/:** grupo de apoio á lactación materna da Coruña
- **http://almalactancia.blogspot.com/:** grupo de apoio á lactación materna da Coruña
- **Comité de Lactancia Materna de la AEPED:**  
**http://www.aeped.es/lactanciamaterna/index.htm**  
*Comité de Lactancia Materna de la Asociación Española de Pediatría*, con información de actualidade, guía de recomendacións sobre lactación materna, resposta ás preguntas máis frecuentes e foro de consulta aos expertos do comité.
- **IHAN:** **http://www.ihan.es/**  
*Iniciativa Hospital Amigo de los Niños de Unicef*. Os pasos a seguir, os hospitais, os obxectivos...
- **FEDALMA:** **http://www.fedalma.org/index.php**  
*Web de la Federación Española de Asociaciones pro-Lactancia Materna*.
- **Información para amamantar:**  
**http://www.riojasalud.es/content/view/1299/711/**  
Guías de lactación en varios idiomas (español, francés, inglés, árabe, romano, urdú), elaborada por *Rioja Salud*.

- 
- **IBFAN:** <http://www.ibfan.org/>  
IBFAN (*International Baby Food Action*), rede de grupos de interese de todo o mundo para reducir a morbilidade e mortalidade infantil.
  - **IBFAN América Latina y el Caribe:**  
<http://www.ibfan-alc.org/>  
*Red Mundial de Grupos Pro Alimentación Infantil (IBFAN) América Latina e o Caribe.*
  - **LM, medicamentos, plantas, tóxicos y enfermedades:**  
<http://www.e-lactancia.org/>  
Excelente web realizada polo servizo de pediatría do *Hospital Marina Alta de Denia (Alicante)* sobre os medicamentos e enfermidades e a lactación materna.
  - **WABA:** <http://www.waba.org.my/>  
*World Alliance for Breastfeeding Action (WABA)*, rede mundial para a protección, promoción e apoio á lactación materna en todo o mundo.
  - **Red Lacmat:** <http://www.lacmat.org.ar/>  
*Red Lacmat* de información e lista de distribución sobre lactación materna para profesionais e pais
  - **Amamantar Asturias:**  
<http://www.amamantarasturias.org/eto/index.php>

A pregnant woman is shown from the chest down, wearing a white top. She is holding a tablet computer with both hands and looking at the screen. The background is a soft, out-of-focus light color.

## CRIANZA

---

- <http://www.crianzanatural.com>: Guía para nais e pais inquedos en coñecer unha forma de educar, considerar e tratar aos seus fillos e fillas con fundamento e desde o corazón.
- **Mamakanguero:**  
<http://mamakanguero.wordpress.com>
- **Red Canguro:**  
<http://redcanguero.org/>

## LEXISLACIÓN

---

- **Guías e documentos editados pola Confederación Sindical Galega sobre igualdade**

Guía práctica para a prevención de riscos laborais no embarazo e lactación:

[http://www.galizacig.com/avantar/files/muller/guias/2\\_guia\\_riscos\\_embarazo\\_lactacion.pdf](http://www.galizacig.com/avantar/files/muller/guias/2_guia_riscos_embarazo_lactacion.pdf)

- **Seguridade Social:**

[http://www.seg-social.es/Internet\\_1/Trabajadores/PrestacionesPension10935/Maternidad/index.htm](http://www.seg-social.es/Internet_1/Trabajadores/PrestacionesPension10935/Maternidad/index.htm):

Páxina da Seguridade Social onde se recollen as prestacións económicas por maternidade, adopción e acollemento, legalmente establecidos.

- **Consejería de Salud de la Junta de Andalucía:**

[http://www.juntadeandalucia.es/salud/sites/csalud/galerias/documentos/c\\_3\\_c\\_1\\_vida\\_sana/embarazo\\_y\\_salud/lactancia\\_materna/embarazo\\_parto\\_puerperio.pdf](http://www.juntadeandalucia.es/salud/sites/csalud/galerias/documentos/c_3_c_1_vida_sana/embarazo_y_salud/lactancia_materna/embarazo_parto_puerperio.pdf)

- **Guías e documentos editados pola Unión General de Trabaxadores:**

[http://www.ugt.es/Mujer/artemisa/folletoartemisa\\_2010.jpg.pdf](http://www.ugt.es/Mujer/artemisa/folletoartemisa_2010.jpg.pdf): todo o que debes saber sobre conciliación laboral e familiar.

- **Publicacións da Confederación Sindical de Comisiones Obreras:**

<http://www.ccoo.es/comunes/temp/recursos/1/1110792.pdf>: edición especial da revista Gaceta Sindical no seu nº 74 de decembro 2011 , sobre saúde laboral en relación co embarazo, parto etc.

- **Xeración dos Axóuxeres:** Desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia animan a que se lle fale ao neno ou nena en galego; e que se lle transmita, unidos, a lingua e o agarimo.

[http://www.xunta.es/linguagalega/xeracion\\_axoueres](http://www.xunta.es/linguagalega/xeracion_axoueres)







## **Concello de Oleiros**

Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística

[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)



**SISTEMA DE BIBLIOTECAS  
PÚBLICAS MUNICIPAIS  
DO CONCELLO DE OLEIROS**

**Catálogo das bibliotecas:**

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

*Visita o noso blog:* <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>